

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*ORDE do 27 de decembro de 2018 pola que se convoca un novo procedemento para a integración voluntaria no réxime estatutario de determinado persoal laboral fixo de entidades públicas adscritas a esta consellería.*

A disposición adicional décimo primeira do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, autoriza á consellería para realizar ata un máximo de tres ofertas de integración.

Esta consellería, mediante diversas ordes do ano 2007, desenvolveu o antedito decreto e tramitou unha primeira oferta de integración. Pola súa parte, a Orde do 9 de outubro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 199, do 17 de outubro) convocou un segundo procedemento de integración no cal participaron voluntariamente as persoas interesadas, optando as demais por manter o seu vínculo laboral orixinario.

Recentemente, o punto 15 (outras cláusulas) do Acordo polo que se establecen as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo, asinado o 6 de xullo de 2018 na mesa sectorial de negociación do persoal estatutario, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 19 de xullo de 2018 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 144, do 30 de xullo, dispón que por ordes da Consellería de Sanidade realizáranse, no segundo semestre de 2018, novas ofertas de integración no réxime estatutario dirixidas, entre outros colectivos, ao persoal laboral fixo incluído no ámbito de aplicación do referido Decreto 91/2007, do 26 de abril. Engade que o persoal que resulte integrado poderá acceder ao grao I nas condicións e cos mesmos efectos previstos no réxime transitorio e excepcional de encadramento.

En virtude do anterior, e de conformidade coas atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta orde dítase en execución do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades



adscritas á Consellería de Sanidade, e ten por obxecto abrir un novo prazo para a integración voluntaria no réxime estatutario do persoal laboral fixo que, estando incluído no ámbito de aplicación das seguintes ordes, non resultou integrado no réxime estatutario:

a) Orde do 14 de agosto de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Hospital de Verín (*Diario Oficial de Galicia* núm. 164, do 24 de agosto).

b) Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (*Diario Oficial de Galicia* núm. 197, do 10 de outubro). Tras o Decreto 112/2015, do 31 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 157, do 19 de agosto), as referencias á dita entidade enténdense realizadas á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

c) Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 197, do 10 de outubro). Tras o Decreto 142/2015, do 17 de setembro (*Diario Oficial de Galicia* núm. 197, do 15 de outubro), as referencias á dita entidade enténdense realizadas á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS).

d) Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal do Instituto Galego de Medicina Técnica (*Diario Oficial de Galicia* núm. 197, do 10 de outubro). Tras o Decreto 209/2008, do 28 de agosto (*Diario Oficial de Galicia* núm. 182, do 19 de setembro), as referencias á dita entidade enténdense realizadas a Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

e) Orde do 8 de novembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 231, do 29 de novembro).

f) Orde do 9 de outubro de 2014 pola que se convoca un novo procedemento para a integración voluntaria no réxime estatutario de determinado persoal laboral fixo de entidades públicas adscritas a esta consellería (*Diario Oficial de Galicia* núm. 199, do 17 de outubro).

## Artigo 2. *Requisitos e procedemento*

1. No presente procedemento de integración aplicaranse os requisitos, procedemento e demais regulación contida nas ordes citadas no artigo 1, xuntamente coas táboas de homologación incluídas como anexo I desta orde.



2. Como excepción, os prazos de solicitude, resolución e efectos da integración serán os determinados nos artigos 3 e 4.

### Artigo 3. *Prazos*

As solicitudes de integración presentaranse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da entrada en vigor desta orde, segundo o modelo de instancia que se xunta como anexo II. Dirixíranse á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde e poderán ser presentadas por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Artigo 4. *Resolución*

1. As solicitudes de integración serán resoltas polo citado centro directivo no prazo dos tres meses seguintes á finalización do prazo de presentación. De non ter recaído resolución expresa neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. A resolución pronunciarase sobre a estimación, desestimación ou inadmisión das solicitudes. Aquelas resolucións polas que se desestime ou inadmita unha solicitude serán debidamente motivadas.

3. As resolucións estimatorias conterán, así mesmo, o pronunciamento sobre a categoría básica en que resulta integrado/a o/a interesado/a, de conformidade co disposto no anexo I, así como a data dos efectos da integración.

4. As resolucións expresarán os recursos que contra elas procedan, órgano ante o cal se deberán presentar e prazo para a súa interposición.

### Disposición adicional primeira. *Carreira profesional*

1. De conformidade co previsto no punto 15 (outras cláusulas) do acordo polo que se establecen as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 144, do 30 de xullo), o persoal que solicite a integración no réxime estatutario, e resulte integrado, poderá acceder ao grao I nas condicións e cos mesmos efectos previstos no réxime transitorio e excepcional de encadramento (punto 14 do acordo).

2. A solicitude do grao I poderá presentarse no mes seguinte á notificación da resolución estimatoria da integración, e nese mesmo prazo realizarase o rexistro e a acreditación de



méritos consonte o que establece a Resolución do 31 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se inician os procedementos para solicitar un grao de carreira consonte o réxime transitorio e excepcional de encadramento, e para solicitar o grao inicial (*Diario Oficial de Galicia* núm. 149, do 6 de agosto).

Disposición adicional segunda. *Proceso selectivo do Centro de Transfusión de Galicia*

1. As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo de persoal laboral fixo convocado pola Resolución do 20 de xaneiro de 2015, da dirección técnica da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 56, do 24 de marzo) poderán optar pola súa integración no réxime estatutario, consonte o que establece esta orde, no prazo da súa toma de posesión.

2. No caso de que resulten integradas aplicaráselle o previsto na disposición adicional primeira respecto ao acceso ao grao I de carreira profesional.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade

#### ANEXO I

#### Hospital de Verín

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Médico/a especialista	Facultativo/a especialista de área
Técnico/a de grao medio	Grupo de xestión da función administrativa
Administrativo/a	Grupo administrativo da función administrativa

#### Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Médico/a especialista	Facultativo/a especialista de área



Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Médico/a xeral	Médico/a xeral do CTG
Técnico/a superior non sanitario	Persoal técnico superior
ATS / Enfermeiro/a	Enfermeiro/a
Auxiliar de clínica	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
Auxiliar de laboratorio	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
Axudante/a de laboratorio	Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico
Responsable promoción	Persoal técnico superior
Responsable comunicación	Persoal técnico superior
Técnico/a superior de xestión	Grupo técnico da función administrativa
Técnico/especialista de laboratorio	Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico
Técnico/a de informática	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
Promotor/a da doazón	Grupo administrativo da función administrativa
Administrativo/a	Grupo administrativo da función administrativa
Auxiliar de informática	Grupo auxiliar da función administrativa
Auxiliar administrativo/a	Grupo auxiliar da función administrativa
Condutor/a celador/a	Condutor/a

**Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-61**

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Técnico/a de xestión (titulado superior)	Grupo técnico da función administrativa
Oficial/a administrativo/a responsable área	Grupo administrativo da función administrativa
Oficial/a administrativo/a responsable	Grupo administrativo da función administrativa
Auxiliar administrativo/a	Grupo auxiliar da función administrativa

**Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.**

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Facultativo/a director/a técnico/a	Facultativo/a especialista de área
Titulado/a superior non sanitario/a xefe/a de servizo	Grupo técnico da función administrativa
Titulado/a superior non sanitario/a xefe/a de sección	Grupo técnico da función administrativa
Titulado/a superior non sanitario/a	Grupo técnico da función administrativa
Titulado/a medio non sanitario/a xefe/a de sección	Grupo de xestión da función administrativa

**Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)**

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Administrativo/a	Grupo administrativo da función administrativa



## ANEXO II

Solicitud de integración no réxime estatutario (Orde do ..... de ..... de 2018)

## DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:	NIF:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:

## DATOS PROFESIONAIS

Categoría profesional a que pertence: Data de publicación do proceso selectivo: Resolución do ..... de ..... de ..... (DOG núm. .... do ..... de ..... de .....	Posto de traballo que desempeñe na actualidade:  Categoría do posto de traballo: ..... Desde ..... ata .....
En situación de: Activo <input type="checkbox"/> Excedencia <input type="checkbox"/> Tipo de excedencia..... Data da resolución..... Outras situacións de suspensión do contrato de traballo..... Data da resolución.....	
Titulación académica que acredita para o desempeño da categoría de pertenza: ..... Titulación académica que acredita para o desempeño da categoría do posto de traballo actual: .....	

O/a solicitante abaixo asinante manifesta que son certos os datos que se fan constar na presente solicitude de integración no réxime estatutario na categoría de .....

....., ..... de ..... de 201...

DILIXENCIA: para facer constar que son certos os datos que o/a solicitante expón na presente solicitude.

..... de ..... de 201...

O/a xerente, director/a da ...

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE  
Edificio Administrativo San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

